



CONCELLERÍA DE CULTURA/O.M.I.XCONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Rúa Rosalía de Castro, Nº 28, 1º · CP 15320 · Telf./Fax 981440344 · cultura@aspontes.org · NIF P1507100D

Ref.: Cultura

Expdte.: 2018/A002/000005

FUNDAMENTOS LEGAIS:

O Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 05 de marzo, que aproba o Texto refundido da lei de facendas locais, a Lei

38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, Ordenanza fiscal nº 18 de taxa por ocupación da vía pública con postos, barracas, casetas de venda, espectáculos, atraccións ou recreo sitios en terreos de uso público local(...), BOP nº 26 de 2 de febreiro de 1999)

Bases reguladoras específicas para a convocatoria pública dunha subvención para as festas patronais do Carme e A Fraga 2018 do Concello das Pontes de García Rodríguez

1.- Beneficiarios.

Entidades privadas sen ánimo de lucro, que deberán estar legalmente constituídas e non estar incursas en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para a percepción das axudas ou subvencións públicas.

As entidades solicitantes, deberán ter obxectivos e finalidades coincidentes co obxecto da subvención.

2.- Obxecto.

A presente convocatoria, de conformidade co disposto na Lei 7/1985, de bases do réxime local, Lei 5/1997, de administración local de Galicia, Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, Lei de subvencións de Galicia, título V das bases de execución do orzamento do Concello das Pontes para o exercicio de 2018, ten por obxecto regular o procedemento de concesión dunha subvención en réxime de concorrência competitiva, para a organización das festas patronais do Carme e A Fraga 2018.

2.1- Actividades e gastos subvencionables.

O Concello das Pontes subvencionará as seguintes actividades e os gastos que xeren:

- Os *cachés* e obrigas contractuais das actuacións musicais especiais e orquestras dende o día 20 o 25 de xullo de 2018, a excepción do equipo de son para o festival folk da Fraga.
- Iluminación ornamental das rúas e prazas nas festas do Carme e A Fraga.
- Alfombra floral: gastos de *catering* e atención aos colaboradores na realización da mesma.
- Actuacións musicais, e outras actividades festivas na Romaría da Fraga.

Actividades deportivas que organiza a Comisión de festas:

- V Torneo Vila das Pontes de fútbol sala
- V Torneo Vila das Pontes de fútbol campo
- V Torneo Vila das Pontes de baloncesto.
- *Seven* de rugby das festas do Carme.
- Actividades festivas complementarias incluídas no programa das festas proposto.

2.2.- Obrigas.

- Aboar os gastos correspondentes á Sociedade Xeral de Autores de España
- Solicitar a ocupación do uso do solo público no que se instalarán as atraccións, postos, barracas, tómbolas, toldos, etc, durante o período de festas e realizar o pago da tarifa correspondente, segundo se establece no artigo 6 da ordenanza fiscal nº 18 do Concello das Pontes (BOP nº 26 de 02/02/1999)



CONCELLERÍA DE CULTURA/O.M.I.XCONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Rúa Rosalía de Castro, Nº 28, 1º · CP 15320 · Telf./Fax 981440344 · cultura@aspontes.org · NIF P1507100D

Ref.: Cultura

3.- Importe.

A contía da subvención será dun importe máximo de 179.500 € con cargo á aplicación orzamentaria 2018.0.338.48904 dos orzamentos do Concello.

4.- Lugar e prazo de presentación de solicitudes.

A solicitude formularase no modelo oficial (Anexo I) terá exclusivamente formato electrónico e deberá presentarse a través da sede electrónica do Concello: <https://sede.aspontes.com/es/index.html>. Só se poderá presentar unha solicitude por titular (si se presentan máis, só se valorará a primeira).

O prazo será de oito días contados a partir do día seguinte ao da publicidade do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

As solicitudes cumprimentaranse pola persoa que actúe en nome ou representación da persoa xurídica solicitante, mediante certificado electrónico de algunha das autoridades recoñecidas como emisoras. A este efecto serán válidos, polo tanto, o certificado dixital da persoa xurídica ou ben o certificado dixital da persoa física que represente á entidade

Tamén poderán presentarse por calquera dos medios regulados no art. 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Coa solicitude achegarase a seguinte documentación:

- Fotocopia da tarxeta do CIF da entidade. (Agás as xa rexistradas no rexistro de entidades do Concello)
- Fotocopia da tarxeta do NIF do representante.
- Modelo de designación de Conta Bancaria e comunicación de baixa, segundo modelo dispoñible na sede electrónica: <https://sede.aspontes.com/gl/procedimientosytramites/tramites/SolicitudGeneral>
- Memoria de actividades que se pretenden realizar durante as festas do Carme e A Fraga do ano 2018.
- Orzamento estimativo de gastos e ingresos desglosados de cada actividade e importe da subvención solicitada.
- Declaración xurada do beneficiario ou o seu representante das subvencións solicitadas para a mesma finalidade ou de non ter solicitadas subvencións para a mesma finalidade.
- Certificación acreditativa do acordo de solicitude e do nomeamento do representante para as súas relacións co Concello.
- Certificación na que a entidade se compromete a facer constar a colaboración do Concello das Pontes en toda a información que realice do desenvolvemento das actividades.
- Declaración do representante, na que conste que a entidade está ao corrente das súas obrigas coa Axencia Tributaria, coa Seguridade Social e co Concello.
- Declaración do representante, de non estar incurso en causa de incompatibilidade ou incapacidade para contratar e percibir subvencións da Administración pública e de aceptación das bases da convocatoria.
- Autorización para que o Concello poida obter as certificacións da Axencia Estatal da Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que a entidade está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- Tal e como establece a Lei 10/2017 de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, deberán presentar unha declaración responsable dirixida ao Concello das Pontes con carácter previo á organización de espectáculos públicos na que constará o establecido n disposición derradeiro primeira (artigo 40) da devandita lei.
- 1º) O nome, os apelidos e o enderezo da persoa solicitante e, se é o caso, da persoa que actúe na súa representación.
- 2º) (...) a descrición do espectáculo ou da actividade que se pretende realizar e a capacidade máxima.



CONCELLERÍA DE CULTURA/O.M.I.XCONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Rúa Rosalía de Castro, N° 28, 1º · CP 15320 · Telf./Fax 981440344 · cultura@aspontes.org · NIF P1507100D

Ref.: Cultura

3º) A localización do (..) espazo aberto ao público e a data prevista (...) inicio do espectáculo público ou da actividade.

4º) A sinatura da persoa solicitante.

5º) O órgano, o centro ou a unidade administrativa a que se dirixe.

Coa finalidade de facilitar unha mellor avaliación das solicitudes, poderáselles pedir información complementaria aos interesados, así como a outros servizos ou expertos.

O defecto, erro ou ausencia na presentación da documentación á que se refire esta base deberá ser emendado no prazo de dez días dende a recepción do requirimento.

5- Criterios de valoración.

Os criterios de valoración terán como total 80 puntos e serán os seguintes:

A) Criterios para a valoración do programa TOTAL 60 puntos.

a.1) Interese do programa ata 40 puntos.

Cuestións que se poderán valorar dentro deste criterio:

Coincidencia coas liñas estratéxicas, obxectivos e criterios das áreas municipais de cultura e deportes, tal como eventos tradicionais, número de participantes, impacto previsto, innovación, ámbito xeográfico, duración do programa, colectivo ao que vai dirixido (incluíndo todos os grupos de idade). Consolidación do programa (programa desenvolvido anteriormente), colaboración con outros entes e relación entre o interese do programa e o orzamento presentado.

a.2) Calidade no deseño do programa ata 10 puntos

Cuestións que se poderán valorar dentro deste criterio:

Inclusión de: resultados esperados, indicadores de cumprimento e avaliación, comunicación externa, comunicación interna, uso de novas tecnoloxías, xustificación (razóns que motivan a execución do programa)

a.3) Adecuación do orzamento ata 10 puntos.

Cuestións que se poderán valorar dentro deste criterio:

Esfuerzo financeiro (busca doutras fontes de financiamento) e eficiencia na asignación dos recursos.

B) Valoración da comisión de festas solicitante TOTAL 20 puntos

Cuestións que se poderán valorar dentro deste criterio:

Experiencia contrastada; capacidade para desenvolver o programa; estrutura participativa e equitativa.

6.- Procedemento de concesión.

O réxime aplicable á subvención é o de concorrência competitiva. A concesión da subvención realizarase mediante resolución da Concelleira Delegada, a proposta motivada da comisión avaliadora que requirirá informe do servizo de cultura (órgano instrutor do expediente) no que figure que da información que consta no seu poder, derívase que os beneficiarios reúnen todos os requisitos necesarios para acceder á subvención. A comisión avaliadora realizará a comparación das solicitudes presentadas, co fin de establecer unha prelación entre as mesmas, de acordo cos criterios sinalados no artigo anterior, proponendo a adxudicación da subvención a aquelas que tiveran maior valoración, sen exceder, en ningún caso, o importe da dotación orzamentaria fixada nestas bases. A comisión avaliadora redactará unha acta puntuando as solicitudes de acordo cos criterios enumerados nas bases e proponendo un importe a subvencionar.

A comisión avaliadora estará composta polos seguintes membros:

Presidente: a concelleira de atención, participación cidadá e desenvolvemento local ou persoa en quen delegue.

Vogais: dous concelleiros/as designado/as polo alcalde, e dous traballadores municipais.



CONCELLERÍA DE CULTURA/O.M.I.XCONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Rúa Rosalía de Castro, Nº 28, 1º · CP 15320 · Telf./Fax 981440344 · cultura@aspontes.org · NIF P1507100D

Ref.: Cultura

Na comisión desenvolverá as funcións de secretaría, sen voto, persoal funcionario da unidade administrativa á que lle corresponda a súa tramitación.

Será preceptivo informe previo do servizo de Intervención sobre a existencia de crédito dispoñible, adecuado e suficiente así como o de fiscalización previa do gasto e das solicitudes.

7.- Prazo de resolución e notificación.

A resolución deberá conter a relación de solicitantes que resulten beneficiarios e o importe concedido, e a desestimación do resto de solicitudes. Contra a desestimación expresa ou presunta das solicitudes presentadas poderán formularse os recursos que procedan.

O acordo definitivo que outorga ou denega a subvención será notificado aos solicitantes.

8.- Prazo de execución

O prazo máximo de execución da actividade ou adquisición de infraestruturas subvencionados será dende o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2018. En calquera caso, a data límite para a xustificación será o 31 de xaneiro de 2019.

9.- Prazo de xustificación.

O prazo de xustificación finaliza o 30 de novembro de 2018, se ben antes de finalizar o prazo, poderá ampliarse por solicitude do interesado ou por proposta razoada da unidade xestora.

Se non se presenta a xustificación dentro de prazo (inicial ou prorrogado), será requirido ao beneficiario para a súa presentación (art.70 do Regulamento de subvencións). A falta de presentación no prazo de 15 días dende o requirimento, dará lugar a que por resolución da concelleira de atención, participación cidadá e desenvolvemento local de se inicie expediente de anulación do correspondente compromiso. A resolución final notificaráselle á entidade e á Intervención municipal para o seu reflexo contable.

En calquera caso, a data límite para a xustificación non poderá exceder da fixada nas bases de execución do presuposto xeral do Concello das Pontes de García Rodríguez para o exercicio 2018.

10.- Forma de xustificación.

O importe da subvención está vinculado ao orzamento total da actividade ou proxecto, subvencionado. O beneficiario deberá xustificar que realizou a actividade ou proxecto de que se trate, nos termos da memoria presentada ou, no seu caso, da reformulación realizada.

Haberá que xustificarse a totalidade do gasto orzamentado aprobado na resolución declarativa da subvención, que será o indicado no seu día no orzamento presentado coa solicitude, ou no seu caso, no orzamento reformulado.

Cando o importe xustificado sexa inferior ou superior ao presentado na solicitude de subvención, so se aceptarán desviacións de financiamento debidamente xustificadas.

Os gastos xustificandos deberán axustarse aos conceptos aprobados no orzamento inicial.

Considerase gasto realizado aquel que foi efectivamente pagado con anterioridade ao remate do período de xustificación determinado pola normativa reguladora da subvención.

Deberá xustificarse tanto o 100% da subvención concedida polo Concello de As Pontes coma o importe obtido por outros ingresos e/ou subvencións que financiaran a actividade subvencionada para o que entregarán relación con indicación do importe e a súa procedencia.

Sistema de xustificación.

A xustificación terá exclusivamente formato electrónico e deberá presentarse a través da Sede Electrónica do Concello, <https://sede.aspontes.com/es/index.html>



CONCELLERÍA DE CULTURA/O.M.I.XCONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Rúa Rosalía de Castro, Nº 28, 1º · CP 15320 · Telf./Fax 981440344 · cultura@aspontes.org · NIF P1507100D

Ref.: Cultura

En xeral, a xustificación efectuarase mediante a presentación pola persoa ou entidade beneficiaria dunha conta xustificativa simplificada, segundo se describe a continuación.

A **conta xustificativa** incluirá:

a) A memoria das actividades levadas a cabo para a execución do programa.

b) Unha relación clasificada de ingresos e gastos, asinada polo secretario e o presidente (ou representante) da entidade correspondente á execución do programa das festas.

A relación clasificada de ingresos conterá unha relación individualizada de todas as achegas recibidas, así como dos ingresos obtidos por publicidade, patrocinio, etc., co importe total calculado; no caso das achegas de empresas, anuncios, na relación deberá constar o nome da empresa e CIF, ou no seu caso, nome, apelidos completos en abreviaturas e NIF.

No caso dos postos, toldos, barracas, tómbolas, casetas de venda, atraccións, instalados na vía pública deberá presentarse unha relación detallada das achegas recibidas pola súa instalación; nesa relación constara o nome da empresa e CIF, ou no seu caso, nome, apelidos completos en abreviaturas e NIF. Ademais deberán aportar a documentación na que conste a liquidación do importe de pago aboado á Comisión polo uso do solo público.

A relación clasificada de gastos conterá unha relación individualizada con indicación do concepto de gasto subvencionado, acredores (nome da empresa e CIF, ou de ser o caso, nome, apelidos completos en abreviaturas e NIF), dos tipos de documentos (n.º de factura ou documento equivalente, importe, data completa de emisión e data de pago).

c) A documentación xustificativa que acredite os gastos efectuados dentro do prazo previsto para a execución do programa, que deberán quedar xustificadas na súa totalidade, mediante a seguinte documentación:

- Declaración ou certificación de ter cumprida a finalidade da subvención mediante a realización das actividades para as que foi concedida.
- Relación detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou, pola contra, declaración de non ter percibido outras subvencións públicas ou privadas para o mesmo obxecto.
- Certificación bancaria na que conste que a subvención se ingresou na conta corrente da entidade organizadora e do rexistro da súa contabilidade.
- Relación detallada de movementos bancarios da conta na que se faga o ingreso da subvención.
- A acreditación documental da realización de gastos, realizarase do seguinte xeito por medio de facturas* e demais documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa de todos os gastos realizados con motivo das festas patronais do Carme e A Fraga 2018, nas que se acredite o seu pagamento mediante transferencia bancaria, talón nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor, excepcionalmente poderase realizar o pagamento en metálico para gastos de ata 300 € **nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados**. A acreditación documental do pago a través de medios bancarios deberá constar o número de factura, obxecto de pago, identificación da persoa pagadora e a destinataria do pago que deberá coincidir con quen expide a factura. A non utilización de medios bancarios determinará a condición de non subvencionable do citado gasto.

(*) Facturas ou documentos con valor probatorio equivalente que se presentarán electronicamente utilizando calquera procedemento de copia dixital do documento orixinal. Neste caso. As copias dixitais presentadas garantirán a fidelidade co orixinal baixo a responsabilidade da persoa solicitante



CONCELLERÍA DE CULTURA/O.M.I.XCONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Rúa Rosalía de Castro, Nº 28, 1º · CP 15320 · Telf./Fax 981440344 · cultura@aspontes.org · NIF P1507100D

Ref.: Cultura

ou representante. A Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada segundo o disposto nos artigos 35.2 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos. Deberá acompañarse xustificante bancario no que deben constar o número de factura, obxecto de pago, identificación da persoa pagadora e a destinataria do pago, que deberá coincidir con quen expide a factura).

- Toda a documentación deberá presentarse en formato pdf (o máximo do total dos arquivos presentados por cada rexistro telemática será de 15 MB)

Gastos subvencionables.

Unicamente serán gastos subvencionables os que respondan de maneira indubidable á natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo de execución establecido pola convocatoria e que ademais estean efectivamente pagados con anterioridade á finalización do prazo da xustificación da subvención. Aos efectos da consideración de subvencionable, considerarase efectivamente pagado o gasto cando quede xustificado o pago mediante extractos ou certificacións bancarias debidamente identificados, selados e asinados polo beneficiario.

Falta de xustificación ou xustificación insuficiente.

Vencido o prazo de xustificación, ou de ser o caso da prórroga, sen que a entidade presentara a documentación xustificativa, o departamento de cultura requirirá para que a presente no prazo improrrogable de quince días. A falta de presentación da documentación neste prazo suporá a perda da subvención e demais responsabilidades previstas na Lei xeral de subvencións.

No caso de que a documentación xustificativa fose incorrecta ou insuficiente, darase un prazo de dez días para a súa corrección. Pasado o dito prazo iniciárase o procedemento de reintegro, xunto ao interese de mora, nos termos establecidos no apartado 1 do artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

No caso de non ter xustificada a subvención correctamente en forma e prazo estipulados, a entidade non poderá participar na convocatoria de subvencións do ano 2019.

11.- Forma de pago.

O aboamento da subvención efectuarase do seguinte xeito: 80% do importe da subvención mediante pago por anticipado. O 20% restante pagarase anticipadamente cando sexan xustificadas documentalmente os gastos realizados con carácter prepagable no primeiro prazo, quedando obrigada a entidade a xustificar documentalmente o destino final de todos os fondos. Deberase constituír unha garantía polo importe anticipado incrementado nun 20%.

A subvención concedida será aboada mediante transferencia bancaria á conta corrente da persoa ou entidade que figure no certificado de datos bancarios entregado coa documentación de solicitude.

O aboamento da subvención non se levará a cabo se a persoa ou entidade beneficiaria tivese pendente xustificar algunha subvención cuxo prazo de xustificación xa finalizara. Tampouco se procederá ao aboamento se a persoa ou entidade non reintegrara algunha subvención anterior cando así se lle requirira.

Para o cobramento da subvención a entidade deberá estar ao corrente das súas obrigas fiscais coa Axencia Tributaria, Seguridade Social e o Concello das Pontes, situación esta última que determinará de oficio o propio Concello, a través do Servizo de Recadación.

12.- Compatibilidade con outras axudas.

Esta subvención é compatible con outras axudas, de entidades públicas ou privadas. En ningún caso o importe da subvención poderá ser de tal contía que, en concorrencia con outras subvencións ou axudas doutras administracións ou entes públicos, ou ingresos xerados polo desenvolvemento da



CONCELLERÍA DE CULTURA/O.M.I.XCONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Rúa Rosalía de Castro, Nº 28, 1º · CP 15320 · Telf./Fax 981440344 · cultura@aspontes.org · NIF P1507100D

Ref.: Cultura

actividade subvencionada, supere o custo da actividade a desenvolver polo beneficiario.

13.-Publicidade da subvención por parte do beneficiario.

Á entidade solicitante que se lle conceda a subvención, deberá facer público este financiamento municipal, incluíndo o escudo do Concello en toda a publicidade que se xere (carteis, folletos, follas informativas...) nos medios electrónicos ou audiovisuais e nos anuncios que poida publicar nos medios de comunicación escritos.

14.- Obrigas do beneficiario na xustificación.

O beneficiario queda obrigado a facilitar tanta información lle sexa requirida polo Concello e polo Tribunal de Contas e someterse ás responsabilidades e réxime sancionador establecido na Lei xeral orzamentaria e, de ser o caso, ao disposto no Código Penal.

Os membros da comisión de festas quedan suxeitos a calquera responsabilidade contable que poida xurdir dunha incorrecta aplicación ou indebida xustificación da subvención recibida, así como de calquera impago das actuacións ou actividades contratadas.

Comunicar ao Concello a obtención doutras subvencións de calquera entidade pública ou privada.

Xustificar o gasto realizado antes do 30 de novembro do ano 2018, de acordo co previsto nas presentes Bases.

15.- Infraccións e sancións.

En materia de infraccións e sancións estarase ao disposto no Título IV da Lei 38/2003, xeral de subvencións.

Disposición adicional primeira.

Para o non previsto nestas bases será de aplicación o disposto na Lei 38/2003, xeral de subvencións, así como as normas incluídas nas bases de execución do orzamento xeral do Concello para o ano 2018.



CONCELLERÍA DE CULTURA/O.M.I.XCONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Rúa Rosalía de Castro, Nº 28, 1º · CP 15320 · Telf./Fax 981440344 · cultura@aspontes.org · NIF P1507100D

Ref.: Cultura

SUBVENCIÓN PARA AS FESTAS PATRONAIS DO CARME E A FRAGA 2018. ANEXO I. SOLICITUDE

SOLICITANTE (Os datos cubertos neste apartado deberán coincidir exactamente cos datos da tarxeta do CIF/NIF presentada, e cos do titular da conta bancaria)

DATOS DA ENTIDADE		
Denominación social;		CIF
Enderezo social:		CP
Localidade:	E-mail:	Telf.:

DATOS DO REPRESENTANTE		
Nome e apelidos:		DNI
Enderezo a efectos de notificación:		
Localidade:	CP:	Provincia:
Teléfono/s:	E-mail:	

DOCUMENTACIÓN PRESENTADA

Sinale cun X se presentou a seguinte documentación con esta solicitude (ou xa foi presentada en convocatorias anteriores):

- ☐ Fotocopia da tarxeta do NIF da entidade
- ☐ Fotocopia da tarxeta do NIF do representante
- ☐ Modelo de designación de datos bancarios



**CONCELLERÍA DE CULTURA/O.M.I.XCONCELLO DAS PONTES DE
GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)**

Rúa Rosalía de Castro, Nº 28, 1º · CP 15320 · Telf./Fax 981440344 · cultura@aspontes.org · NIF P1507100D

Ref.: Cultura

MEMORIA DE ACTIVIDADES FESTAS DO CARME E A FRAGA 2018



**CONCELLERÍA DE CULTURA/O.M.I.XCONCELLO DAS PONTES DE
GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)**

Rúa Rosalía de Castro, Nº 28, 1º · CP 15320 · Telf./Fax 981440344 · cultura@aspontes.org · NIF P1507100D

Ref.: Cultura

CERTIFICACIÓNS

D/Dna. _____, con DNI _____
como secretario da entidade _____

CERTIFICA:

1.- Que na reunión da Comisión de festas, celebrada o día _____, adoptouse o acordo de presentación da seguinte solicitude: convocatoria pública dunha subvención para as festas patronais do Carme e A Fraga 2018 e, que así mesmo acordouse nomear a D/Dª _____ como representante para as relacións desta entidade co Concello.

2.- A Comisión de festas comprométese a facer constar a colaboración do Concello das Pontes en toda a información que realice do desenvolvemento das actividades.

E para que conste aos efectos oportunos, expido a presente certificación en _____, o _____ de _____ de 2018

Asinado:
O Secretario

Vº e prace
O presidente



**CONCELLERÍA DE CULTURA/O.M.I.XCONCELLO DAS PONTES DE
GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)**

Rúa Rosalía de Castro, Nº 28, 1º · CP 15320 · Telf./Fax 981440344 · cultura@aspontes.org · NIF P1507100D

Ref.: Cultura

DECLARACIÓNS

D/Dna. _____, co DNI _____
como representante da entidade _____

DECLARO:

- 1.- Que a entidade que represento está ao corrente das súas obrigas coa Axencia Tributaria, coa Seguridade Social e co Concello.
- 2.- Que non estou incurso en causa de incompatibilidade ou incapacidade para contratar e percibir subvencións da Administración pública e que coñezo e acepto as bases desta convocatoria.
- 3.- Autorizo ao Concello de As Pontes a obter as certificacións da Axencia Estatal da Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que a entidade está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

☐ SI ☐ NO

Asdo. _____